

ACUERDO DE PRÓRROGA DEL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD (GERENCIA DEL ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN Y EL BARCO DE VALDEORRAS) Y LA FUNDACIÓN ABRACADABRA DE MAGOS SOLIDARIOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde **DECLARA**

- Que o Presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 26/02/2025 coa Fundación Abracadabra de Magos Solidarios a prórroga do instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura por un período de catro anos.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"regular as condicións nas que tendrá lugar a colaboración entre a Fundación Abracadabra de Magos Solidarios e o Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, para a realización dunha acción voluntaria no Hospital Universitario de Ourense, a través do programa de voluntariado "Magia en los Hospitales". Sendo a actividade a desenvolver no Hospital Universitario de Ourense, a realización de actuacións e talleres de maxia para nenos hospitalizados e os seus familiares. Dita actividade estará desenvolta polo personal voluntario de dita Fundación, cun carácter altruista e solidario."*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que: *"Á vista da positiva experiencia que estas actividades supuxeron tanto para os menores hospitalizados como para os seus familiares, as partes amósanse de acordo na necesidade de continuar coa colaboración iniciada".*

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao

ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

